



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA PARA APOIAR A ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DESTA ENTIDADE DURANTE O ANO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia (en diante, FCTGG) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia para apoiar a estrutura e funcionamento desta entidade durante o ano 2025. En concreto, para apoiar o mantemento da estrutura de persoal, os gastos de aprovisionamento, servizos externos e de funcionamento, que lle permitan realizar actividades de interese xeral para o sector do granito de Galicia. As actuacións obxecto do convenio englobanse nos seguintes dez programas:

1. Realización de proxectos de investigación fundamental ou industrial, desenvolvemento e innovación tecnolóxica co obxectivo de xerar e difundir coñecemento tecnolóxico.
2. Realización de servizos de asesoramento tecnolóxico non estandarizados, como diagnósticos tecnolóxicos ou estudos de viabilidade técnica.
3. Realización e tramitación de proxectos sectoriais que potencien a competitividade e a innovación do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios en Galicia.
4. Realización de servizos de asistencia técnica consistentes en formación técnica especializada, a vixilancia e prospección tecnolóxica e de mercado, a difusión de información e outros servizos análogos relacionados coa xestión do coñecemento, a tecnoloxía, a innovación e a competitividade.
5. Colaboración na transferencia de resultados de investigación entre os organismos públicos e privados de investigación e as empresas do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios.





6. A realización de actividades de formación, difusión e servizos tecnolóxicos. No ámbito de formación, inclúense a capacitación interna do persoal da FCTGG para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
7. Transferencia tecnolóxica ao sector empresarial, especialmente PEMES pertencentes ao sector da pedra natural e aos seus sectores complementarios.
8. Difusión de información, coñecemento e oportunidades tecnolóxicas e boas prácticas para a mellora da competitividade.
9. Fomento de integración das empresas en redes e foros de interacción permanentes, nacionais e internacionais, que posibiliten a súa internacionalización, a mellora dos procesos de aprendizaxe e a participación en plataformas tecnolóxicas.
10. Gastos de auditoría do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia; sinalando no artigo 48.3 que a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O *Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria* (DOG núm. 101, do 27.05.2024), configura esta consellería como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.

As competencias en materia de recursos minerais están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas. Segundo o disposto no artigo 34 do mencionado *Decreto 140/2024, do 20 de maio*, á Subdirección Xeral de Recursos Minerais deste centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.





A FCTGG, como entidade integrante do sector público autonómico, é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, con plena capacidade xurídica e de obrar para o cumprimento dos seus fins, que se rexe polos seus Estatutos do 26.02.2024 e polas disposicións legais e regulamentarias que lle son de aplicación, en concreto, pola *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia* (en diante, LOFAXGA); a *Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego*; a *Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo*; o *Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego*; e o *Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de fundacións de interese galego*.

Segundo establece o artigo 4 dos Estatutos da Fundación, o obxecto principal que se lle atribúe á FCTGG é o de contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade da industria do sector da pedra natural e dos seus sectores complementarios, preferentemente en Galicia, mediante a xeración de coñecemento tecnolóxico e a realización de actividades de I+D+i; así como desenvolver e facilitar a súa aplicación a través da intermediación entre organismos xeradores de coñecemento e as empresas, e a prestación de servizos de apoio á innovación tecnolóxica no ámbito do sector da pedra natural e os seus sectores complementarios.

As razóns de interese público, social e económico concorrentes para xustificar a achega obxecto do presente convenio radican na necesidade de executar iniciativas que garantan o incremento da competitividade do sector a través, entre outros, do desenvolvemento de novas tecnoloxías e materias que doten de maior valor engadido ao produto galego, fins aos que responden as funcións e actividades da FCTGG.

Asemade, a FCTGG establece, entre os seus obxectivos estratéxicos detallados no seu Plan Plurianual Inicial de Actuación 2023-2025, elaborada en cumprimento do establecido no artigo 54.6 da LOFAXGA, o obxectivo estratéxico 3º "Conseguir o rol de actor necesario no desenvolvemento de proxectos ligados á Axenda de Impulso da Minaría Sostible de Galicia".

A Consellería de Economía e Industria achegará ata un máximo de **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **09.04.734A-481.00**, proxecto **2019/00015**, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital deste documento

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas

Pablo Fernández Vila

